

O bibliotecario que falaba cinco idiomas: traxectoria vital e exilio de Ramón Iglesia Parga

Francisco Xavier REDONDO ABAL

Universidade de Santiago de Compostela
Biblioteca da Facultade de Filoloxía

fran.redondo@usc.es

1. INTRODUCCIÓN

A súa traxectoria vital fálanos dun persoeiro excepcional, un ensaísta brillante e un historiador sobresaínte que tivo que exiliarse para salvar a súa vida, un home cuxa curiosidade intelectual, a súa íntegra erudición, a súa humildade e a súa vasta cultura (Byrd Simpson 1948), convertérono nun americanista de primeira liña. E, malia nacer en Santiago de Compostela, Ramón Iglesia Parga é practicamente un perfecto descoñecido.

Historiador, crítico, tradutor e bibliotecario, a curta existencia de Ramón Iglesia non impide afirmar que as súas achegas á historiografía do século XX resultaron fundamentais, o que nos leva a concluír que Iglesia é unha das figuras máis interesantes e, con todo, menos estudadas daquela xeración de investigadores chamada do 27, onde atopamos nomes ilustres como José Miranda, Vicente Lloréns, o tamén bibliotecario José Ignacio Mantecón Navasal, Jenaro Artiles, José María Miguel i Vergés, Pedro Grases, etc.

2. IGLESIA PARGA E O CENTRO DE ESTUDOS HISTÓRICOS

Ramón Iglesia naceu, como dixemos, en Santiago de Compostela o 3 de xuño de 1905 no seo dunha familia relixiosa e conservadora (Iglesia Lesteiro 1999). Estudou o bacharelato no Instituto da Coruña e máis tarde ingresou na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade Central de Madrid, tendo como mestres a Ramón Menéndez Pidal, Julián Besteiro e José

Ortega y Gasset, entre outros. Alí se licenciou en 1926. Para entón, Ramón Iglesia levaba un ano colaborando co Centro de Estudos Históricos (CEH) baixo os auspicios de Américo Castro e Dámaso Alonso. O CEH, fundado en Madrid en 1910 e impulsado pola Xunta para Ampliación de Estudos e Investigacións Científicas, estaba organizado en dez departamentos que dende 1923 e durante a ditadura de Primo de Rivera quedaron reducidos a catro¹.

Cómpre dicir que o peso de Menéndez Pidal dentro do CEH foi moi elevado. Formado no krausismo e firme partidario do positivismo, Menéndez Pidal mantivo o concepto da tradición como eixo fundamental nas súas investigacións, ollando cara á Idade Media peninsular como base primordial dos seus estudos e perseguindo os chamados “valores permanentes” do feito español. Nas antípodas deste pensamento, José Ortega y Gasset opuxo o concepto da circunstancia nunha concepción relativista no devir humano: contra a inmutabilidade e o permanente, Ortega propón o cambiante como metodoloxía científica e investigadora. Ademais, considerará fundamental a Europa como marco onde inscribir a cultura española. Será xustamente esta influencia ortegiana da que beberá Ramón Iglesia que, como veremos, completará amplamente coas súas propias achegas historiográficas.

A primeira aproximación de Iglesia ao americanismo tivo lugar en 1925 cando o seu mestre, Antonio Ballesteros Beretta, enviou ao

¹ Estas eran: Historia do Dereito, dirixida por Claudio Sánchez-Albornoz; Arqueoloxía, con Manuel Gómez Moreno; Arte, con Elías Tormo; e, por último, Filoloxía que tivo a Menéndez Pidal como director. Este alcanzou a presidencia do CEH e nomeou secretario ao bibliotecario e filólogo Tomás Navarro Tomás.

santiagués a investigar no Arquivo de Indias de Sevilla a traxectoria de Juan Miralles e a súa participación na independencia dos Estados Unidos (Bernabéu Albert 2005: 756). Ese mesmo ano o CEH invitou a Ramón Iglesia a participar nos Cursos de Verán para Estranxeiros ata que, como moitos outros da súa xeración, decidiu completar a súa formación máis alá dos Pireneos: entre 1928 e 1930 ensinará lingua e literatura españolas na Escola Superior de Comercio de Gotemburgo (Suecia). A partir dese momento impartirá conferencias en Oslo, Upsala, Copenhague, Estocolmo e Berlín. Dende Suecia enviará diferentes colaboracións para *La Gaceta Literaria*, dirixida por Ernesto Giménez Caballero, e iniciará unha profunda amizade co escritor escandinavo Pär Lagerquist, futuro Premio Nobel.

3. OS ANOS REPUBLICANOS

O seu dominio de diferentes idiomas será de moita valía para Ramón cando decida regresar ao seu país e converterse en bibliotecario. Ingresou no Corpo Facultativo de Arqueólogos, Bibliotecarios e Arqueólogos o 8 de agosto de 1931, sendo destinado á Biblioteca Nacional onde traballará ata 1936 na Sección de Libros Estranxeiros grazas aos seus coñecementos de inglés, francés, alemán, italiano e sueco (Iglesia Lesteiro 1999: 1244). O seu último ascenso data do 1 de xaneiro de 1933, ocupando o posto 245 da escala xeral². Para entón, Ramón Iglesia xa estaba casado con Raquel Lesteiro, futura arquivista na Delegación de Facenda de Pontevedra, coa que tivo tres fillas (Calvo / Salaverría 2005: 249).

A proclamación da Segunda República coincide coa continuación dos traballos de Iglesia no CEH, cuxo orzamento se viu incrementado considerablemente. Isto permitiu crear novas seccións e multiplicar as súas actividades. Nacen

así a sección de Literatura Comparada, dirixida por Pedro Salinas, e a de Estudos Clásicos, con Julián Bofante. Unha máis, a Hispanoamericana, estará dirixida por Américo Castro e nela terán cabida Ramón Iglesia, Raquel Lesteiro e Ángel Rosenblat. Máis tarde incorporáranse o diplomático salvadoreño Rodolfo Barón, o historiador mexicano Silvio A. Zavala, o bibliófilo Antonio Rodríguez-Moñino e o bibliotecario Manuel Ballesteros Gaibrois (Alted Vigil 2011: 79). O matrimonio Iglesia-Lesteiro estará encargado de elaborar a edición crítica da obra de Bernal Díaz del Castillo titulada *Verdadera historia de la conquista de la Nueva España*, traballo iniciado en 1932 e interrompido pola Guerra Civil³.

Son estes anos republicanos os dunha elevada curiosidade intelectual que fan que Ramón Iglesia escriba traballos nas principais publicacións culturais: *Cruz y raya*, *Revista de Occidente*, *La Gaceta Literaria*, etc. Paralelamente, Iglesia forma parte como vogal e bibliotecario da Xunta Directiva do Ateneo de Madrid. Tamén son estes anos de desacougos políticos: en 1931 Ramón asina o manifesto fundacional das Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalista, xunto a Ramiro Ledesma Ramos, Ernesto Giménez Caballero, Manuel Souto Vilas, Juan Aparicio e outros. Aquele ideario político recollido na publicación *La Conquista del Estado* será abandonado por Ramón Iglesia cando, en 1934, as JONS se acheguen á Falange Española dando lugar ao nacemento de FE de las JONS. Segundo algunhas informacións, o santiagués levaba tempo afastado das JONS ao ter noticia do financiamento da citada agrupación por parte de José Félix de Lequerica, un monárquico significado (Iglesia Lesteiro 1999: 1249). Ramón Iglesia rematará militando no Partido Comunista de España.

² *Escalafón del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos, totalizado en 31 de octubre de 1935*. Madrid: Imprenta Góngora, 1935. Ao igual que outros bibliotecarios depurados tras a Guerra Civil, como Nicéforo Cocho ou Juana Capdevielle, o nome de Ramón Iglesia foi “esquecido” por Agustín Ruiz Cabriada na súa *Bio-bibliografía del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos: 1858-1958*, publicada en Madrid pola Junta Técnica de Archivos y Bibliotecas en 1958.

³ A edición definitiva saíra do prelo en México D.F. en 1943, tirado pola Editorial Nuevo Mundo. Unha edición modernizada aparecerá o mesmo ano en Ediciones Mexicanas e unha segunda edición foi publicada en 1950. Unha nova reedición feita polo CSIC é de 1982.

A xa citada sección Hispanoamericana do CEH deu nacemento en 1935 a unha publicación de índole americanista que tiña por obxecto a difusión da cultura xeral entre os países latinoamericanos. Así, apareceu *Tierra Firme: órgano de la Sección Hispanoamericana del Centro de Estudios Históricos*, dirixida por Enrique Díez-Canedo e cunha periodicidade trimestral. Ramón Iglesia foi o seu redactor-xefe (Arias Solís 2010). A publicación –interrompida como tantos outros proxectos pola Guerra Civil– só tirou oito números, os dous últimos nun único volume xa en 1936. No número catro, Iglesia publicou *Bernal Díaz del Castillo y el populismo en la historiografía española*, texto que xa fora lido como relatorio no XXVI Congreso Internacional de Americanistas, celebrado en Sevilla en outubro de 1935 (Alted Vigil 2011: 79-80). Un ano despois, Ramón Iglesia publicará *Trailer de cuatro crónicas* (Cruz y Raya) e a edición de Gutierre Díez de Games titulada *El Victorial: crónica de Don Pero Niño* (Signo).

4. GUERRA, EXILIO

O golpe de Estado de xullo de 1936 sorprendeu a Ramón Iglesia en Madrid, preparando a viaxe estival a Galiza para reencontrarse cos seus. Durante a contenda, Iglesia formará parte da comisión reorganizadora do Corpo Facultativo de Arqueiros, Bibliotecarios e Arqueólogos (CFABA), así como da Xunta de Protección do Tesouro Artístico. Comprometido coa República dun xeito decidido, Iglesia loitará coas armas nas mans na defensa do réxime constitucional. Foi tenente da 21 Brigada Mixta en maio de 1937⁴ e máis tarde ascendeu a capitán. Co fin da guerra próximo e ante a inminente derrota republicana, Iglesia cruza a fronteira francesa e inicia o seu exilio que o levará ata México e os Estados Unidos. Antes, Ramón Iglesia será expulsado do CFABA polos vencedores na Guerra Civil.

Efectivamente, unha Orde asinada por Tomás Domínguez Arévalo, ministro de Xustiza e –transitoriamente– de Educación Nacional, o 22 de xullo de 1939 dispoñía a baixa definitiva na escala do CFABA de Ramón Iglesia Parga e oito facultativos máis⁵. Moitos deles, como o propio Iglesia, atopábanse xa instalados nun desterro do que xamais volverían. Entre aqueles historiadores que se viron na obriga de abandonar a súa terra están Rafael Altamira (o máis vello), Juan Marichal (o máis novo), Américo Castro, Claudio Sánchez-Albornoz, Agustín Millares Carlo, Luis Nicolau d’Olwer e unha longa nómina (Alted Vigil 2011: 80) que dá idea do ermo no que quedaba España.

México acolleu cos brazos abertos a Ramón Iglesia e a moitos máis que ao igual que o santiagués tiveron que abandonar o seu país para salvar a súa vida. Sabemos que dos 35.000 republicanos españois que se asilaron en América, preto de 22.000 fixérono no país azteca. Antes, aquel medio millón de exiliados que cruzaran a fronteira hispano-francesa souberon das duras condicións de vida nos campos de internamento de Septfonds, Argèles, Gurns, Bram, Saint-Cyprien... Máis tarde, a viaxe a México, Cuba, Colombia, Santo Domingo ou Venezuela suporá o final e, paradoxalmente, o comezo dunha nova vida.

Toda esta riada humana necesitou dunha entidade que organizara a súa saída cara aos diferentes destinos. O goberno de Juan Negrín creou en París o Servizo de Evacuación dos Republicanos Españoles (SERE), cun Comité Técnico de Axuda (CTARE) encargado da recepción, organización e distribución dos exiliados en México. No seu porto de Veracruz arribará o primeiro buque de exiliados en xuño de 1939, o Flandre, que transportaba a preto de trescentos refuxiados. Outros barcos levarán a unha parte da elite política, intelectual e científica daquela España esgotada pola guerra. Xentes formadas

⁴ Centro Documental de la Memoria Histórica (Salamanca). Fondo: Delegación Nacional de Servicios Documentales. Serie: Fichero General de la Sección Político-Social, nº 10669.

⁵ Estes foron: José Moreno Villa, José María Giner Pantoja, Concepción Muedra Benedito, Luisa González Rodríguez, Josefa Callao Mínguez, María de la Concepción Zulueta Cebrián e Ernestina González Rodríguez. (BOE 16/8/1939).

nun ambiente integrador, aberto e tolerante que, ao final, resultaron “conquistados” polo continente americano.

Ramón Iglesia partiu do porto francés de Sète na tardiña do 26 de maio de 1939 a bordo do Sinaia. Dezaioito días máis tarde desembarcaba en Veracruz. Con el ían persoeiros como Altamira, Zozaya, Garfias, Rejano, Varea e outros mil seiscientos refuxiados máis. Tras eles, outros vapores como o Mexique ou o Ipanema arribarán ás costas da Arxentina, Chile ou Venezuela. Durante a travesía do Sinaia moitos dos embarcados foron conscientes da importancia histórica do seu éxodo (Bernabéu Albert 2005: 758) e crearon unha publicación que levaba o mesmo nome do buque. Dirixida polo poeta Juan Rejano e subtitulada *Diario de la primera expedición de republicanos españoles a México*, a revista recolle no seu número 12 do 6 de xuño a conferencia impartida por Ramón Iglesia na metade do Atlántico baixo o título *Conquista y dominación española*, na que o conferenciante tratou do choque producido entre dúas culturas, a indíxena mexicana e a conquistadora española no século XVI.

Ao chegar a México, Ramón Iglesia obtivo unha beca do goberno de Lázaro Cárdenas para colaborar na Casa de España, centro fundado en 1938 para acoller aos intelectuais españois da diáspora (Lida / Metesanz 1988). A sempre favorábel acollida de Cárdenas respecto dos refuxiados españois foi recompensada co pagamento dunha produción intelectual de elevada calidade. A Casa de España en México foi unha iniciativa de Daniel Cosío Villegas, historiador, economista e sociólogo que influíu decisivamente en Cárdenas para a súa creación, posibilitando deste xeito a continuidade nas súas actividades dos exiliados republicanos. Inspirándose no CEH, A Casa de México tivo a Alfonso Reyes como director dende marzo de 1939 e entre as dúas de invitados a participar nas súas actividades atopamos a León Felipe, Moreno Villa, Rodríguez Lafora, José Gaos... E, por suposto, Ramón Iglesia.

En outubro de 1940 A Casa de México sofre unha transformación que derivará non só nun simple cambio de nome, pasando a denominarse O Colexio de México, senón acadando unha estabilidade e continuidade institucional fóra de toda dúbida. Xunto a Ramón Iglesia e os tamén

bibliotecarios Moreno Villa e Mantecón Nava-sal, veremos agora as colaboracións de Rafael Altamira, Luis Nicolau d’Olwer, José María Miguel i Vergés, Jesús Bal y Gay, Luis Recaséns Siches, etc. Engadamos a todo o expresado outras participacións dos exiliados republicanos en institucións como a Universidade Nacional Autónoma de México, a Universidade das Américas, o México City College, a Escola Normal Superior, a Escola Nacional de Bibliotecarios e Arquivistas... Entón, coincidiremos en que “a partir de 1940, mexicanos y transterrados se dedicaron, como nunca antes en México, a investigar, enseñar, traducir y editar, de manera que, académicamente, México se puso al día en más de una especialidad” (Matute 1981: 17).

Entre 1941 e 1946 Ramón Iglesia traballou en México e deu ao prelo numerosos traballos de investigación, edicións críticas e traducións. A súa concepción da historia –sempre contraria ao positivismo e á súa metodoloxía– estivo fundamentalmente marcada polo pensamento de Ortega y Gasset, mais as achegas de Iglesia levárono a revisar o rol de persoeiros históricos como Díaz del Castillo, Colón ou Hernán Cortés. Aplicando conceptos relacionados coa circunstancia e a perspectiva, Iglesia criticou duramente as ansias por acumular documentación de arquivos así como os excesos de erudición. Para Iglesia, pretender reflectir os documentos arquivísticos sen máis é unha absurda obsesión que, ademais, recolle unha falsa obxectividade no tratamento histórico. En 1944 publicará o seu traballo *El hombre Colón y otros ensayos* e alí podemos ler:

El trabajo de investigación en los archivos no tiene más valor que el de un entretenimiento. Nadie puede trabajar en historia, evidentemente, sin haber hecho esta labor previa de investigación exhaustiva sobre algún tema menudo; pero creer que esa es la única labor histórica es tomar el rábano por las hojas. La labor propiamente dicha del historiador no comienza hasta que, en presencia de un cierto número de materiales, de documentos del pasado, por fuerza limitados e incompletos siempre, no emprende su labor de elaboración y análisis.

Ramón Iglesia colaborou cun bo número de publicacións mexicanas, moitas delas creadas polos propios exiliados republicanos: *La España Peregrina*, *Romance*, *Letras de México*, *Tiempo*, *El Noticiero Bibliográfico*, *Revista de Historia de América*, *Educación y Cultura...*,

ditou conferencias, realizou edicións críticas e limiares, etc. Con todo, foi na docencia onde Iglesia se sentiu máis agradecido, considerando os seus alumnos como verdadeiros compañeiros (Bernabéu Albert 2005: 761), o que fala moi ás claras da humildade deste mestre de americanistas.

No terreo das traducións, Ramón Iglesia traballou vertendo ao español a historiadores como J. T. Shotwell (*Historia de la historia en el Mundo Antiguo*, 1940), G. P. Gooch (*Historia e historiadores en el siglo XIX*, 1942, en colaboración con Ernestina de Champourcín), G. M. Trevelyan (*Historia política de Inglaterra*, 1943), H. Weigert (*Geopolítica: generales y geógrafos*, 1943), R. Aldington (*El Duque de Wellington*, 1945) e L. Hanke (*La lucha por la justicia en la conquista de América*, publicada en 1949 tras o seu pasamento), por citar algúns.

En México, Iglesia continuou combatendo as ideas positivistas na historia, criticando sen desmaio o culto absoluto aos documentos de arquivo e á santificación dos mesmos polo simple feito do seu carácter inédito. Para o compostelán, a análise serena dos mesmos é o traballo do historiador. Malia que en 1936 Iglesia xa alcanzara en España certo grao de madurez académica e investigadora, foi en México onde este bibliotecario excelente será acreditado como un reputado historiador. Iso valeulle para que, moi cedo, fora reclamado polas máis prestixiosas universidades estadounidenses.

Así, xa en 1941 foi nomeado profesor invitado na Universidade de Berkeley (California).

En 1944 recibiu unha beca da John Simon Guggenheim Memorial Foundation, o que lle permitiu o acceso ás bibliotecas da Universidade de Texas e a do Congreso de Washington, onde estudou as crónicas dos relixiosos españois, en especial a de frei Jerónimo de Mendieta. O seu prestixio era grande e a súa personalidade moi atractiva, polo que era solicitado como profesor nas mellores universidades dos Estados Unidos. O seu último destino foi a Universidade de Wisconsin. Alí, en Madison, morreu Ramón Iglesia. Era o 5 de maio de 1948.

A súa inxente produción bibliográfica foi recollida nun traballo aquí xa citado e escrito pola súa filla (Iglesia Lesteiro 1999); con todo, non está de máis lembrar que Ramón Iglesia foi un “historiador gabado por ilustres historiadores”, malia que “en Galicia o silencio ten sido elocuente: non o acolle a Gran Enciclopedia Galega nin o cita, no seu utilísimo *Diccionario biobibliográfico* Couceiro Freijomil, tan douto case sempre” (Alonso Montero 2001). Mentres en México e Estados Unidos seguen reeditando a súa obra (*Columbus, Cortés and other essays*, University of California Press, 1969; *Cronistas e historiadores de la conquista de México: el ciclo de Hernán Cortés*, El Colegio de México, 1980; *Semblanza de Bernal Díaz del Castillo*, Fondo de Cultura Económica, 1998), Ramón Iglesia permanece cuberto por un manto de esquecemento no país que o viu nacer. E non estaría mal pensado recoñecer publicamente a intelixencia e o prestixio daquel bibliotecario que falaba cinco idiomas.

5. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALONSO MONTERO, Xesús (2001): “Un historiador no exilio”, *La Voz de Galicia* 17/7/2001.
- ALTED VIGIL, Alicia (2011): “Historiadores españoles exiliados en América Latina. El caso de Ramón Iglesia Parga”, en Andrea Pagni (eda.), *El exilio republicano español en México y Argentina: historia cultural, instituciones literarias, medios*. Madrid: Iberoamericana, pp. 77-92.
- ARIAS SOLÍS, Francisco (2010): “Ramón Iglesia Parga”, *Las provincias* (Valencia), 12/2/2010.
- BERNABÉU ALBERT, Salvador (2005): “La pasión de Ramón Iglesia Parga (1905-1948)”, *Revista de Indias* 65/235, pp. 755-772.
- BYRD SIMPSON, Lesley (1948): “Ramón Iglesia y Parga (1905-1948)”, *The Hispanic American Historical Review* 37/2, pp. 163-164.
- CALVO, Blanca / Ramón SALAVERRÍA (edas.) (2005): *Biblioteca en guerra (edición del catálogo)*. Madrid: Biblioteca Nacional.

- IGLESIA LESTEIRO, María-Fernanda (1999): “Mi padre, Ramón Iglesia (un historiador de la Generación del 27)”, en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (edas.), *Cinguidos por unha arela común: homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, vol. 1, pp. 1243-1274.
- IGLESIA PARGA, Ramón (1944): *El hombre Colón y otros ensayos*. México: El Colegio de México.
- LIDA, Clara E. / José Antonio MATESANZ (1988): *La Casa de España en México*. México: El Colegio de México.
- MATUTE, Álvaro (1981): *La teoría de la historia en México (1940-1973)*. México: Diana.
- RUIZ CABRIADA, Agustín (1958): *Bio-bibliografía del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos: 1858-1958*. Madrid: Junta Técnica de Archivos y Bibliotecas.